

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE XULLO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 10 de xullo de dous mil dezaeito ; as once horas e cincuenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte cinco de xuño de dous mil dezaeito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

licenza de segregación para agregación de parcelas RIB/N/07.1/18, 190/2018

Vista a solicitude de segregación e agregación simultánea de parcelas presentada por dona Lucía Rodríguez Deaño nas parcelas con referencia catastral 9511619NG6891S0001PS e 9511620NG6891S0001GS, rúa do Cano nº 12 e nº 14 Ribadavia.

Consta no expediente:

Documentación técnica :“Segregación e agrupación simultánea de parcelas” , redactado polo arquitecto técnico D Enrique Rodríguez Bejarano.

Resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Ourense-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 26/06/2018 de carácter autorizadorio.

Informe favorable da arquitecta municipal de data 9 de xullo de 2017.

-Informe do secretario municipal de data 10 de xullo de 2017.

Defínense as parcelas orixinais , coas seguintes superficies:

Parcela P1 Rúa do Cano 12 Superficie: 174,00m² Parcela catastral:
9511619NG6891S0001PS

Parcela P2 rúa do Cano 14 Superficie : 38,00 m² Parcela catastral:
9511620NG6891S0001GS

Segregándose unha porción da parcela 1 , sen construír, para agregala á parcela 2.

AS PARCELAS RESULTANTES SON:

PARCELA A rúa do Cano 12 Superficie: 106,25 m² Largo
fachada:6,54m Fondo:14,27 m

PARCELA B (Mera 11 e 13) Superficie : 105,75 m² Largo
fachada:14,70 m Fondo:7,92m

A xunta de goberno acorda:

1º Conceder licenza de segregación e agregación simultánea sobre as parcelas iniciais coas seguintes características:

Parcela P1 Rúa do Cano 12 Superficie: 174,00m² Parcela catastral:
9511619NG6891S0001PS

Parcela P2 rúa do Cano 14 Superficie : 38,00 m² Parcela catastral:
9511620NG6891S0001GS

2º Aprobar a realización do seguinte parcelamento(segregación e agregación simultánea de parcelas)

PARCELA A rúa do Cano 12 Superficie: 106,25 m² Largo
fachada:6,54m Fondo:14,27 m

PARCELA B (Mera 11 e 13) Superficie : 105,75 m² Largo
fachada:14,70 m Fondo:7,92m

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.-

-Escrito de dona Julia Viñas Rodríguez no que solicita a utilización da sepultura terrea situada no socalco 3º esquerda no que se deu sepultura a dona María Cuiñas Martínez en data 15/12/2007.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de don Martín Salgado Pérez, en representación da Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, solicitando permiso para entrar e utilizar de xeito gratuito as piscinas do Concello o venres 3 de agosto de 2018 en horario de 12 a 18 horas cun grupo de 45 rapaces/zas do campamento urbano e 10 dos seus animadores.

A xunta de goberno acorda comunicar que lamentandoo non cabe acceder ao solicitado, dado que na piscina se desenrolan as clases de natación e o concello non pode garantir o espazo suficiente para o acceso de 45 rapaces/zas.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Dase conta dos seguintes escritos:

-Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 00375/2018 , de 5 de xullo de 2018, recurso de apelación nº 4311-2017 desestimando o recurso de apelación interposto contra a Sentenza do Xulgado contencioso administrativo de Ourense de data 25 de abril de 2017.

-Resolución da xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Ourense relativa á “ Control arqueolóxico na rúa Virxe do Portal de Ribadavia (Ourense)”

-Contestación da Confederación Hidrográfica Miño Sil á solicitude do concello de realización de traballos de limpeza de varios ríos dentro do termo municipal de Ribadavia.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a baixa de oficio e a cancelación rexistral do establecemento Kopa-Club.

-Resolución da Consellería de Política Social , ditada pola directora xeral de Xuventude ,Participación e Voluntariado comunicando a concesión dunha subvención por importe de 4.800 euros ao abeiro da Orde do 16 de abril de 2018.

-Resolución definitiva de concesión de subvención da Axencia de Turismo de Galicia por importe de 29.179,15 euros para Adecuación e mellora dos accesos interiores ao cemiterio de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

-CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FÍSICO DEPORTIVOS NO 2018, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA.

Visto o acordado no Consello Rector do Consello Municipal de Deportes , celebrado o 16 de xullo de 2018, “Aprobación, se procede, do prazo da convocatoria de subvención de eventos a entidades deportivas.

Vista a proposta de bases da convocatoria presentada polo Director do Servizo de Deportes .

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para a organización de eventos físico-deportivos polo procedemento de concorrencia competitiva.

Aprobar as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para a organización de eventos físico -deportivos.

Autorizar o gasto por importe de €con cargo ao vixente orzamento municipal.

Publicar anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polideportivo municipal, BOP e páxina web do concello.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as doce horas e quince minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO